



Segismundo Blanco Fuentes, crónica gráfica dunha lealdade galeguista*

José Blanco Fondevila
Juan Andrés Fernández Castro
juanandresfc@yahoo.es

Resumo. Segismundo «Mundo» Blanco Fuentes (1914-1997) formou parte, na súa xuventude, xunto con outros estradenses, case todos eles alumnos de don Antonio Fraguas, das Mocidades Galeguistas, organización xuvenil do Partido Galeguista. Iniciada a guerra civil o ilustre profesor e algúns dos seus alumnos, incluído «Mundo» Blanco foron obxecto de represalias e sufriron persecución.

Abstract. Segismundo Blanco Fuentes (1914-1997), known as Mundo, was a member of the Galician Nationalist Youth Federation, along with other young people from A Estrada and, most of them, were students of Don Antonio Fraguas. When the civil war began, the illustrious professor and some of his students, including Mundo Blanco, were subjected to reprisals and persecution.

Cando o Parlamento de Galicia decide repatriar dende a República Arxentina os restos mortais de Castelao algo se removeu no fondo da alma de Segismundo «Mundo» Blanco Fuentes (1914-1997). Fora en tempos membro das Mocidades Galeguistas da Estrada e entrañable amigo de Antonio Fraguas, de Avelino Pousa, de Francisco F. del Riego e Paz Andrade e tamén tratara a Virxinia Pereira –veciña de seu– e a Castelao, a quen quixo recibir en Compostela á volta do seu exilio arxentino. Os seus sobriños Mario e Xosé –autor das fotografías que ilustran este traballo– trasladárono ao aeroporto aquela tarde.

Era o 28 de xuño de 1984, corría unha airexa fresca. Mundo estaba emocionado, de cando en vez enxugaba as bagoas co impoluto pano branco que portaba no peto superior da súa chaqueta. Respirábase un silencio reverente, apenas se falaba. O avión de Iberia chegou con retraso ás 20 h. Castelao xacía na caixa, cuberto coa bandeira histórica de Galicia e un ramo de flores que pousara nel a súa irmá Tereixa. Foi daquela cando Mundo, achegándose timidamente, rozou co seu pano o cadaleito e, en chegando á casa, rogou encarecidamente que o metesen no seu cando lle chegase a hora.

* Agradecementos: Segismundo, Germán, Juan e Roberto Blanco Valdés.



Segismundo (Mundo) Blanco Fuentes (1914-1997) e seu sobriño Mario Blanco Valdés, de perfil, á esquerda, no exterior do aeroporto compostelán, 28.6.1984. Foto, Xosé Blanco Fondevila, en adiante XBF.



Mundo Blanco co seu sobriño Xosé Blanco Fondevila, á súa dereita e José Torres, que amablemente lles facilitou o acceso ao interior do aeroporto. Foto, Mario Blanco.



Á espera do avión. Primeiro plano, de esquerda a dereita, Domingo García-Sabell Rivas (1909-2003), presidente da Real Academia Galega entre 1977 e 1997; Manuel Beiras García (1904-1996), un dos fundadores do Partido Galeguista e Avelino Pousa Antelo (1914-2012), que foi membro fundador e presidente da Fundación Castelao; Tereixa Rodríguez Castelao (1900-2000) e Francisco Javier Baltar Tojo, asesor xurídico, protector e amigo sempre próximo das irmás Rodríguez Castelao; participou nas negociacións para o regreso a España do ilustre galeguista. Foto, XBF.



De esquerda a dereita, entre outros: Xosé Fernando Filgueira Valverde (1906-1996), membro fundador do Seminario de Estudos Galegos, foi conselleiro de cultura da Xunta de Galicia con Fernández Albor e director do Museo de Pontevedra; Xaquín Lorenzo Fernández «Xocas» (1907-1989), membro do SEG e da Real Academia Galega; Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999), profesor na Estrada e mentor político de Mundo Blanco, ocupou o asento de Castelao na RAG; Antonio Rosón (1911-1986), primeiro presidente da Xunta de Galicia preautonómica (1978) e primeiro presidente do Parlamento de Galicia (1981-1986); García-Sabell; Beiras; Pousa Antelo e Ildefonso Sánchez Mera (†1988), notario que deu fe da chegada dos restos de Castelao. Foto, XBF.



De esquerda a dereita: Juan Naya Pérez (1914-1993) arquiveiro-bibliotecario da RAG; Xocas; Antonio Fraguas; Avelino Pousa; Francisco Fernández del Riego (1913-2010), foi presidente da RAG e participou na fundación da Ed. Galaxia; Javier Suárez-Vence Santiso (1935-2024), ocupou diversas consellerías na primeira época da Xunta de Galicia, da que chegou a ser vicepresidente. Foto, XBF.



Augusto Villanueva; acompañante de Tereixa; Tereixa Rodríguez Castelao; Francisco Javier Baltar; señora descoñecida; Avelino Pousa. Foto, XBF.



Mundo Blanco saúda a Valentín Paz Andrade (1898-1987), cun diario na man, xurista, político e empresario; detrás, Filgueira Valverde. Foto, XBF.



Mundo Blanco, Suárez-Vence e Paz Andrade conversan amistosamente. Foto, XBF.



Antonio Fraguas e Mundo Blanco, vellos amigos. Foto, XBF.



Rememoran quizás a súa mocidade galeguista na Estrada? Foto, XBF.



Acaba de tomar terra o avión, percíbese na ollada grave dos presentes: Paz Andrade co seu netiño; Xerardo Fernández Albor, (1917-2018), primeiro presidente autonómico da Xunta de Galicia (1982-1987), membro fundador da Fundación Castelao; Tereixa; Fraguas. Foto, XBF.



Descende do avión de Iberia o cadaleito cos restos mortais de Castelao. Foto, XBF.



O cadaleito pousado no catafalco. Sobre el a bandeira galega histórica que acompañou as exequias de Castelao na Arxentina e foi posteriormente doada por Virxinia Pereira, a súa esposa, á Real Academia Galega, onde se conserva. O notario Ildefonso Sánchez Mera (coa carpeta aberta) instrúe o correspondente protocolo notarial. Foto XBF.



O cadaleito convenientemente precintado. Foto, XBF.



Un ramo de flores para Castelao. Foto, XBF.



Tereixa, acompañada de Francisco Javier Baltar, aloumiña o cadaleito de seu irmán. Foto, XBF.



Antonio Rosón Pérez conversando co sacerdote que oficiou as exequias fúnebres. Foto, XBF.



O cadaleito camiño de Bonaval. Foto, XBF.